

Novela social

Os poros dos sentimentos



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Os paxaros tamén migran ao sur é unha das novidades coas que, no eido da narrativa, nos agasallou Xerais nesta primavera. Unha peza narrativa moi especial que transita por canles alleas á narrativa máis canónica e convencional. O seu autor, Silverio Cerradelo, é un limiao afincado desde a adolescencia en Barcelona, fai o debut na narrativa con esta peza que se fixo merecedora do Premio Terra de Melide do ano 2006. Seguramente a novela ve luz agora debido á empuxada deste galardón literario. Non obstante, pola súa orixinalidade e frescor narrativo, *Os paxaros tamén migran ao sur* é, na miña estima, unha novela curta merecedora de deixar de ser manuscrito á marxe desavía dos galardóns literarios, cada vez máis frecuente e necesaria para os autores noveis poderen ver editadas as súas obras.

A novela é a primeira entrega dunha triloxía sobre Barcelona. Desenvólvese, xa que logo, na cidade condal, case que sempre nos cancelóns do Barrio Chinés da cidade, e narra unha historia de amor, inspirada en feitos reais, afastada de calquera convencionalismo. Unha historia de amor transgresora, cuxa sinopse argumental é a seguinte: Jordi, un rapaz catalán do Delta, atópase con Eva, unha moza alemá que leva un mangado deses xornais que vende a xente necesitada. Coñécense e pouco a

marchar para deixar de vivir cando o seu corpo e o seu espírito xa non ten forzas.

Esta singular armazón argumental deixa transparentar un bo mangado de núcleos temáticos, mais a principal liña conceptual que agocha e descobre a novela é a transformacións que o amor produce nas persoas: a relación coa rapaza xermana fai sobre todo que ao Jordi, e a todos aqueles lectores que se acheguen á novela con espírito libre, se lles abran os poros dos sentimentos e descubran outra forma de vivir á marxe dos convencionalismos; a experiencia da liberdade, a liberdade sobre todo marxinal; a descuberta dos barrios máis pobres da cidade, a solidariedade de en-

soidade humana nos grandes centros urbanos, coa acedume que ese feito provoca.

Se ollamos a forma da novela, o comentarista non ten ningunha dúbida en valorar a peza de Cerradelo como unha pequena alfaia. O autor, valéndose dunha soa voz narrativa, conta unha relación acontecida hai tempo, durante un período de ano e medio. Coñecemos pois a historia a través da memoria e do xuízo do protagonista masculino que anota todo nun caderno. Mais este todo non é outra cousa que pequenas secuencias, lixeiras, ingravidas, como apuntes ou bocexos, case que sempre sen rematar, transcritos cun rexistro lingüístico moi simple, por veces dialectal, e oroados coas cores de coidadas ambientacións, un fi-



UNHA COIDADAA
AMBIENTACIÓN,
UN FINO
EROTISMO E
UNS PERSONAXES
BEN DEFINIDOS

pouco os dous empezan a sentir e a vivir unha apaixonante atracción, humana, sensual e sexual, que non se racha cando a rapaza lle confesa que se prostitúe porque está enganchada á heroína. Cada un deles séntese ben ao lado do outro porque comeza a se facer realidade o obxectivo ao que aspiraban os dous protagonistas do relato: ser libres nun mundo humano, medindo á xente (ás prostitutas, aos drogadictos) sen prexuízos. Axiña a rapaza marcha para Hamburgo para desintoxicarse. E volverá

tr e os necesitados; o pracer de andar polas rúas da cidade; a vivencia plena dos corpos, da sensualidade e da sexualidade. E en especial, a liberdade para vivir plenamente fóra dos lindes da hipocrisía e dos convencionalismos. *Os paxaros tamén migran ao sur* é, xa que logo, unha novela social na que esta singular historia amorosa cuestiona, poucas veces de forma explícita, a sociedade de consumo, a hipocrisía social, a incomunicación e a

no erotismo e o deseño de dous personaxes perfectamente definidos, aos que acompañamos con pracer nos seus intres de felicidade e nas súas acedumes vitais.

CERRADELO, Silverio, *Os paxaros tamén migran ao sur*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 166 páxinas.